



# Lentes violetas



de asembleas feministas e de espazos  
de masculinidades disidentes

- ✓ Actividade 100% gratuíta
- ✓ Febreiro a Maio de 2024
- ✓ Horario flexible e adaptado á vosa realidade

EDICIÓN  
2024



Deputación  
DA CORUÑA

Chegar a cada concello,  
estar con cada persoa.



## A razón de ser de Aventureira

Somos unha cooperativa **sen ánimo de lucro**, un equipo multidisciplinar de persoas comprometidas e con moita experiencia no sector da educación non formal que levamos cinco anos acompañando a profesionais do sector no desenvolvemento da súa sensibilidade e perspectiva de xénero.



Para nós, o lecer e o tempo libre representan a contorna perfecta para a **educación en valores**, a convivencia e o crecemento persoal e colectivo. Buscamos construír un mundo mellor a través das nosas actividades e compartir o noso xeito de facer con outras profesionais.



## O sentido do proxecto

Moitas das formas de mirar fómolas asumindo de xeito inconsciente ao longo da nosa socialización neste presente e neste lugar. Con todo, tamén podemos aprender a ollar ao noso arredor de xeito diferente, educar a mirada. Continuamos a traballar nun proxecto que xira arredor dunhas lentes, as **Lentes Violetas**, que serven para percibir estereotipos sexistas, discriminacións por razón de xénero e/ou orientación sexual, microviolencias, machismos do día a día, cosificacións e un longo etcétera.



Ao longo dos cinco anos de andaina deste proxecto tivemos contacto con moitos e moitas profesionais preocupadas polos discursos contrarios á igualdade e LGTBfóbicos entre as súas usuarias/os e alumnado. A nosa traxectoria como educadoras reafirmámonos tamén na crenza de que cando damos voz e ferramentas á rapazada esta ten o potencial de converterse en punta de lanza das transformacións sociais.

Con esta nova liña de acción buscamos formar a profesionais da educación formal ou non formal e **acompañar a creación de pequenos grupos estables** de rapazada nos que analizar as desigualdades na súa vida cotiá e xerar prácticas e discursos transformadores. O obxectivo é que as persoas participantes poidan ser **axentes de creación de sentido común feminista** nas entidades das que participan, nos seus centros educativos e cos seus grupos de iguais.



*Agora pomos as lentes violetas de laboratorio!*



## A quen vai dirixido?



Se es **educador/a, voluntaria ou docente**, queres loitar contra os discursos de odio e antifeministas e che gustaría acompañar a un grupo de mozas e mozos na creación de asembleas feministas ou espazos de masculinidades disidentes, este proxecto é para ti.



Se es unha **moza ou mozo de entre 13 e 25 anos** e che gustaría compartir preocupacións sobre igualdade, diversidade sexual e afectiva ou masculinidades disidentes só tes que formar un grupiño e animar a un profesor/a, monitor/a ou educador/a do teu centro educativo ou asociación para que vos acompañe.





## Que traballaremos no Laboratorio?

En primeiro lugar precisades reunir un grupiño do que participen canto menos unha persoa educadora e cinco educandos/as. Lembrede que é fundamental que as persoas que participan o fagan porque queren facelo.

Ofertámosvos unha **formación presencial** de dúas horas na que abordaremos: pautas básicas de participación assemblearia, comunicación non violenta e dinamización, bebendo para todo isto da facilitación de grupos e a mediación. Tamén vos facilitaremos unha **recompilación de recursos** aos que poderedes recorrer para desenvolver as asembleas e tamén profundar na vosa perspectiva de xénero.

Teredes un tempinho para organizarvos como grupo e estableceremos unhas datas e horarios, en función das vosas necesidades (pode ser en horario extraescolar, en fin de semana ou incluso nos recreos), para que poidamos **acompañarvos na preparación e desenvolvemento das tres primeiras asembleas**. Podedes escoller formar un grupo feminista no que participen rapazas e rapaces, un espazo só de rapaces para traballar na construción de masculinidades libres de machismo ou ter un grupo de rapazas e/ou rapaces que periodicamente se reúne en grupos non mixtos para traballar atendendo a necesidades específicas.

Finalmente deixarémosvos voar libres e construír o voso propio camiño, pero ate que remate decembro estaremos á vosa disposición para facer unha última videotitoría por se queredes aclarar dúbidas ou simplemente contarnos como vai a vosa andaina.





## Rede de Laboratorios:

### Convivencias para mocidade activista



Gustaríanos moitísimo facilitar un espazo para que as persoas de 13 a 18 anos e as educadoras/es que participades dos distintos laboratorios vos coñezades. De chegar a un número suficiente de participantes, estaredes convidadas a participar dunhas **convivencias de fin de semana** con pernocta nas que compartir, divertirnos, tecer rede e intercambiar ideas con outras.



Este programa está subvencionado pola



# Deputación DA CORUÑA

Chegar a cada concello,  
estar con cada persoa.

Proxecto subvencionado pola Deputación da Coruña a través do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2024.

[www.aventeira.com](http://www.aventeira.com)



722 349 483 / 493



[lentes.violetas@aventeira.com](mailto:lentes.violetas@aventeira.com)

